

Primeira década de *Madrygal*

Madrygal first decade

María Jesús PIÑEIRO DOMÍNGUEZ

Universidade da Coruña
mpineiro@udc.es

[Recibido, xaneiro 2008; aceptado, febreiro 2008]

RESUMO

Nos seus dez primeiros anos de vida, *Madrygal* converteuse nun eixe de difusión da cultura galega. Presentamos unha escolma das achegas publicadas durante esta década de excelente produción académica.

PALABRAS CHAVE: Madrygal, dez anos, cultura galega, estudos galegos, diáspora.

PIÑEIRO DOMÍNGUEZ, M. J. (2008): “Primeira década de *Madrygal*”. *Madrygal (Madr)*, 11: 73-81.

RESUMEN

En sus diez primeros años de vida, *Madrygal* se ha convertido en un eje de difusión de la cultura gallega. Presentamos una recopilación de las colaboraciones publicadas durante esta década de excelente producción académica.

PALABRAS CLAVE: Madrygal, diez años, cultura gallega, estudios gallegos, diáspora.

PIÑEIRO DOMÍNGUEZ, M. J. (2008): “Primera década de *Madrygal*”. *Madrygal (Madr)*, 11: 73-81.

ABSTRACT

In ten years, *Madrygal* has become a core of the spreading of Galician culture. We offer a compilation of the contributions published throughout this decade full of excellent academic production.

KEY WORDS: Madrygal, ten years, Galician culture, Galician studies, diaspora.

PIÑEIRO DOMÍNGUEZ, M. J. (2008): “*Madrygal* first decade”. *Madrygal (Madr)*, 11: 73-81.

“Non lle poñades chatas á obra namentras non se remata. O que pense que vai mal que traballe n’ela, hay sitio para todos”. Castelao, *Album Nós*.

Así arrancou *Madrygal*, cun texto de Castelao na portada do primeiro número, en 1998. Esta definición insuperable resume o que é *Madrygal* e o que significa: unha revista “para todos”. Naceu coa vocación clara de difundir a cultura galega e de recoñecer o seu patrimonio lingüístico e literario producido dentro e fóra das súas fronteiras. E xa cumpriu dez anos.

Madrygal é unha ponte entre Madrid e Galicia, como indica o seu nome. A *Revista de Estudios Gallegos* fai da capital un centro neuráxico da diáspora galega: un consulado cultural, lingüístico, histórico e literario. *Madrygal* mostra que Galicia vive dentro e fóra de Galicia, como unha dicotomía na que Madrid reúne a cultura galega e a espalla; é a proba de que a cultura galega “interesa”, traspasa fronteiras e responde á demanda de coñecemento que existe sobre a súa traxectoria, que participa dunha tradición histórica non sempre respectada, mais nunca esquecida.

Madrygal está composta por tódolos que escriben nela, os que a len, os que participan, os que a organizan, os que a defenden, e tamén os que a critican... Nestes anos, foron moitas as colaboracións dos amigos da cultura galega; entre todos destacamos con agarimo ao director de honra da revista, don Alonso Zamora Vicente, quen nos deixou –só fisicamente–, en febreiro do 2006. Don Alonso, profesor, académico, filólogo, e gran defensor da lingua galega, contribuíu cos seus estudos filolóxicos sobre o galego ao desenvolvemento desta cultura. Lembrámolo con cariño e admiración.

Madrygal representa aquilo que todo filólogo abandeira dende a súa formación: as linguas —e as culturas— deben servir para nos unir, mais non ao contrario, e constitúen unha fonte de enriquecemento persoal e social que rompe as barreiras interpostas por unha mala política, pola demagogia e por outros intereses alleos. No caso de *Madrygal*, Madrid é o eixe que chama por tódolos interesados en coñecer os estudos galegos, para contribuír ao seu desenvolvemento e compartilos.

A profesora Carmen Mejía, directora da revista, é a responsable da coordinación de tódolos que construímos *Madrygal* cada ano. Tamén é ela un eixe, neste caso, da publicación da revista; da

coordinación dos contidos cos profesores de galego e doutras linguas peninsulares da Titulación de Filoloxía Románica; da procura de colaboracións de calidade por parte de profesores, alumnos, investigadores, escritores, xornalistas e outros; e do mantemento do espírito *madrygalego*¹ que Ana Acuña, a primeira secretaria da revista, recuperou. Ela loitou con forza por darlle vida e fixo posible esta década de investigación e de produción académica,

O Servicio de Publicaciones da Universidad Complutense de Madrid, a través do Departamento de Filología Románica, Eslava y Lingüística General, vén publicando a revista anualmente dende 1998, de forma regular, en edición bilingüe galego-castelán. Nesta década, *Madrygal* procurou mellorar a presentación, a maquetación ou as normas de publicación, mentres que os textos mantiveron e superaron os estándares de calidade e innovación aos que estamos adoitos dende o primeiro número. Queremos reflectir, con isto, que *Madrygal* é unha revista de prestixio, incluída en varios índices, como o da MLA, ou o Latindex, grazas non só ao cumprimento dunhas normas de estilo e publicación, senón á ilusión coa que se edita un novo número cada ano.

A estrutura da revista foi case invariable durante estes dez anos. Os artigos científicos e de divulgación comparten espazo coas crónicas, textos de creación, traducións, entrevistas e recensións. Neste artigo pretendemos facer un repaso a esta década de contribucións enriquecedoras, resaltando algunhas das achegas dos colaboradores de *Madrygal*. Grazas á súa participación, a revista cumpre cos seus propósitos en canto á defensa e á promoción da nosa cultura, ademais de constituírse como unha ferramenta da comunicación e da integración que non distingue os galegofalantes do resto.

Os colaboradores de *Madrygal* son principalmente profesores, alumnos e investigadores que tódolos anos contribúen ao crecemento da revista coas súas achegas. Estes dez anos foron posíbeis grazas ao esforzo dos amantes da nosa cultura, e, por iso, tentaremos facer un exercicio de compilación no que, dalgún xeito, todos se vexan representados.

A modo de introdución, podemos adiantar algún dos colaboradores “ilustres” de *Madrygal*, que exemplifican o prestixio do que goza a revis-

¹ Termo da invención de Raimundo García Domínguez, Borobó.

ta: Xesús Alonso Montero, Xurxo Borrazás, Borobó, Luz Pozo Garza, Fermín Bouza Álvarez, Vicente Araguas, Manuel Pereira, Xavier Frías, Maite Dono, Rafa Yáñez, Marivi Villaverde, Inés Canosa, M.^a Xesús Nogueira, Yolanda Castaño, Arcadio López-Casanova, Carmen Blanco, Sabino Torres, Claudio Rodríguez Fer, Luísa Villalta, Xosé Manuel Martínez Oca, Suso de Toro, Begoña Regueiro e outros. A eles, e a tódolos demais, agradecemoslles a súa axuda por contribuír ao desenvolvemento da identidade da revista.

Madrygal conta cunha extensión significativa de escritos na sección *Artigos*. Entre eles, destacamos as achegas do profesor Xesús Alonso Montero, colaborador leal e entusiasta en tódolos números. O seu apoio é, como o fora o de don Alonso Zamora, un prestixio para a nosa revista. É xa tradicional a súa chamada telefónica a *Madrygal* de ano en ano para saber cando ten que entregar o seu artigo.

Nestes anos, o profesor Alonso Montero achegounos á figura do poeta Manuel Gómez del Valle²; aos versos inéditos de Evaristo de Sela³; á tertulia político-literaria do Madrid da posguerra no café Lyon d'Or⁴; á obra do escritor Álvaro de las Casas⁵; e presentou, entre outros escritos, un poemario inédito de Novoneyra⁶, e unha compilación sobre as tarxetas de felicitación do Nadal dalgúns escritores galegos durante os anos da ditadura⁷. Nos seus artigos sempre atopamos unha liña de investigación, un texto inédito, ou algún documento de gran valor filolóxico que contribúen a incrementar o prestixio de *Madrygal*

e constitúen unha axuda inestimable principalmente para os investigadores.

Nos artigos de *Madrygal* atopamos unha variedade temática notable. Para poder realizar un repaso aproximado ás achegas máis destacadas, dividiremos os contidos desta sección nos seguintes temas: autores, obras, lingüística e normalización, muller, emigración, literatura comparada, outros idiomas, e xéneros e campos afíns. Aínda que non poidamos incluír tódolos artigos nesta escolma, trataremos de comentar o maior número posible deles, en representación de tódalas persoas que formamos *Madrygal*.

Comezaremos polas achegas que están dedicadas a un ou a varios autores. No primeiro número de *Madrygal*, contamos cun texto de escritor a escritor: Arcadio López Casanova defende os trazos da modernidade de Rosalía de Castro, e rexeita a tradicional clasificación posromántica na que se inscribe á escritora galega⁸.

Dentro da mesma liña de innovación, tamén son significativas as conclusións sobre as semellanzas entre a obra de Valle-Inclán e Benito Vicetto⁹; as aproximacións de Carmen Blanco á obra de Alexandre Finisterre¹⁰; as reflexións do escritor e xornalista Borobó sobre o discurso de Castelao e Valle-Inclán¹¹; a análise sobre a poética de Claudio Rodríguez Fer¹²; os estudos sobre o estilo rupturista de Chus Pato¹³; a análise crítica da obra de Rafael Dieste¹⁴; a descrición da narrativa de Xurxo Borrazás¹⁵; a poesía renovadora de Xela Arias¹⁶; ou, xa no último número, un acercamento ao universo de Luis Pimentel¹⁷, e unhas reflexións sobre o estilo de Manuel María¹⁸.

² Alonso Montero, Xesús (1999): "Manuel Gómez del Valle, poeta, comunista e mártir (1906-1936)". *Madrygal*, 2, pp. 21-29.

³ Alonso Montero, Xesús (2006): "No ano da memoria. Versos inéditos de tema francófono e filomarxista na musa do helenista Evaristo de Sela (1917-1994)". *Madrygal*, 9, pp. 11-14.

⁴ Alonso Montero, Xesús (2004): "Escritores Galegos. Letras Galegas en Madrid: a tertulia do café Lyon d'Or (1952-1954)". *Madrygal*, 7, pp. 11-30.

⁵ Alonso Montero, Xesús (2003): "Sobre o escritor Álvaro de las Casas: o seu estraño exilio no 36 e a silenciada segunda edición do libro de poemas *Sulco e vento* (1931; 1936)". *Madrygal*, 6, pp. 7-20.

⁶ Alonso Montero, Xesús (2002): "*Abrojos* (1948), primeiro poemario -inédito- de Novoneyra. Noticia e facsimile de nove textos". *Madrygal*, 5, pp. 9-21.

⁷ Alonso Montero, Xesús (2007): "O Nadal nas letras galegas (1940-1979)". *Madrygal*, 10, pp. 11-33.

⁸ López-Casanova, Arcadio (1998): "Rosalía de Castro y la lírica de la modernidad (Claves de una 'Precursora')". *Madrygal*, 1, pp. 65-66.

⁹ Renales Cortés, Juan (1998): "Más sobre Valle-Inclán y Benito Vicetto". *Madrygal*, 1, pp. 91-96.

¹⁰ Blanco Ramos, Carmen (2000): "Conversas con Alexandre Finisterre". *Madrygal*, 3, pp. 21-28.

¹¹ Borobó (2000): "Castelao con Valle-Inclán". *Madrygal*, 3, pp. 29-44.

¹² AA.VV. (2002): "Aproximación a la poética de Claudio Rodríguez Fer". *Madrygal*, 5, pp. 23-37.

¹³ González, Susana (2002): "Chus Pato o el hermetismo rupturista". *Madrygal*, 5, pp. 73-80.

¹⁴ García López, Xosé Anxo (2003): "Consideracións críticas sobre a poética de Rafael Dieste". *Madrygal*, 6, pp. 55-68.

¹⁵ Muñoz Carrolles, Diego (2004): "Xurxo Borrazás e a liberdade de contar. Unha viaxe polo seu mundo narrativo: soño e realidade". *Madrygal*, 7, pp. 93-102.

¹⁶ Expósito Rabadán, Jesús (2005): "Xela Arias: Verso Desnudo". *Madrygal*, 8, pp. 33-41.

¹⁷ Agustín Fernández, Susana (2007): "Luis Pimentel, poeta del abismo interior". *Madrygal*, 10, pp. 35-43.

¹⁸ Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2007): "Enunciación e estilo na obra de Manuel María". *Madrygal*, 10, pp. 67-76.

Debemos lembrar tamén a tantos outros persoais que apareceron como obxecto de estudo dos artigos da nosa revista, contribuíndo, en conxunto, ao desenvolvemento da traxectoria de *Madrygal* nesta década. Así, na sección *Artigos* visitáronnos Curros Enríquez, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, María Xosé Queizán, Xosé María Díaz Castro, Castelao, Xosé Luís Méndez Ferrín, Emilia Pardo Bazán, Manuel Murguía, Alfredo Conde, Olga Novo, Otero Pedrayo, Víctor Freixanes, Manuel Rivas, Antón Avilés de Taramancos, Isaac Díaz Pardo, Miro Villar, Vicente Risco, Miguel Anxo Fernán-Vello ou Francisco Fernández del Riego, entre moitos outros. Todos eles tamén forman parte de *Madrygal* e sitúanse dentro da mesma esfera atemporal dende a cal reivindicamos a universalidade da cultura galega.

Seguindo coa compilación da sección máis extensa e produtiva da revista, a dos artigos, destacamos as colaboracións nas que se resalta algunha obra en concreto. É o caso de *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro¹⁹; *Asedio de sombra*, de Arcadio López-Casanova²⁰; *O neno suicida*, de Rafael Dieste²¹; *El Mariscal Pedro Pardo*, de Emilia Pardo Bazán²²; *Labirinto de inverno*, de Fermín Bouza Álvarez²³; *Contos malvados*, de Xurxo Borrazás²⁴, ou *En las orillas del Sar*, de X. L. Méndez Ferrín²⁵. As análises realizadas sobre estas obras en concreto adoitan ser consecuencia dunha actividade investigadora que contribúe á produción académica de calidade que recolle a nosa revista.

A lingüística tamén ocupa un posto importante dos contidos de *Madrygal*. Nesta década incluíronse estudos léxicos, lexicográficos, dialectolóxicos ou morfolóxicos sobre temas como, por exemplo, a linguaxe relixiosa²⁶; a manipulación das unidades fraseolóxicas²⁷; os sufixos alterativos do galego²⁸; os dicionarios de autoridades²⁹; as construcións co verbo *ir*³⁰; ou a variación dialectal nos verbos galegos³¹.

Nesta mesma área, atopamos artigos sobre cuestións complementarias como a normalización lingüística, a sociolingüística e o uso do galego no exterior; podemos destacar, por exemplo, os estudos sobre a lingua galega dos emigrantes en París³²; a experiencia do ensino universitario do galego en Uruguay³³; a actualidade lingüística galega a partir do 2002³⁴; a lingua galega na empresa durante o século XX³⁵; o mantemento da lingua galega en Madrid³⁶; ou o idioma galego na Administración Local³⁷. Inclúese nesta sección, como podemos comprobar, calquera cuestión referente á lingua galega e ao seu uso por parte dos galegofalantes, dentro e fóra das nosas fronteiras.

Con Dolores Vilavedra e a súa achega ao discurso narrativo de autoría feminina³⁸, iniciamos un repaso a aquelas colaboracións nas que se destacan as voces das mulleres, como autoras, ou como obxectivos dalgún estudo; Helena González analiza a presenza e a visibilidade das mulleres na literatura³⁹ na actualidade, e por outro lado defende a orixinalidade das poetas galegas noutro arti-

¹⁹ Martínez Peinado, Pedro Antonio (1998): "O símbolo da auga en *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro". *Madrygal*, 1, pp. 73-77.

²⁰ Mejía Ruiz, Carmen (1999): "Una aproximación a *Asedio de sombra* de Arcadio López-Casanova". *Madrygal*, 1, pp. 79-82.

²¹ Rodríguez González, Olivia (1999): "Rafael Dieste e *O Neno Suicida*. A narración do tempo ás avesas". *Madrygal*, 2, pp. 127-132.

²² Ribao Pereira, Montserrat (2000): "*El Mariscal Pedro Pardo*, drama inédito de Emilia Pardo Bazán". *Madrygal*, 3, pp. 75-92.

²³ Martínez Xoubanova, María (2001): "Símbolos e espazos en *Labirinto de Inverno* de Fermín Bouza Álvarez". *Madrygal*, 4, pp. 77-88.

²⁴ Gregorio, Sara (1999): "Sobre *Contos malvados* de Xurxo Borrazás". *Madrygal*, 2, pp. 85-90.

²⁵ Salgado, Xosé Manuel (2006): "Cando a poesía é vida. *En las orillas del Sar* de X. L. Méndez Ferrín". *Madrygal*, 9, pp. 115-120.

²⁶ Chao Rego, Xosé (1998): "As trampas da linguaxe relixiosa". *Madrygal*, 1, pp. 45-55.

²⁷ Álvarez de la Granja, María (1999): "A manipulación das unidades fraseolóxicas". *Madrygal*, 2, pp. 31-40.

²⁸ Ligerio Valladares, Rosa M^a (1999): "Os sufixos alterativos en galego". *Madrygal*, 2, pp. 91-92.

²⁹ González-Millán, Xoán (2001): "Os dicionarios de autoridades: a antoloxización lexicográfica da literatura galega". *Madrygal*, 4, pp. 61-69.

³⁰ Soto Andión, Xosé (2002): "Algunhas construcións co verbo *ir* en galego". *Madrygal*, 5, pp. 97-107.

³¹ Parafita Couto, M^a do Carme (2007): "Variación dialectal nos verbos do galego: conflitos e violacións". *Madrygal*, 10, pp. 93-105.

³² Carracedo Doval, Juan José (2001): "O galego dos emigrantes en París". *Madrygal*, 4, pp. 33-43.

³³ Zubillaga, Carlos (2001): "Una experiencia pionera de enseñanza universitaria del gallego". *Madrygal*, 4, pp. 127-130.

³⁴ Mosquera Carregal, Xesús Manuel (2003): "2002: punto de chegada e de partida na actualidade lingüística galega". *Madrygal*, 6, pp. 75-83.

³⁵ Formoso Gosende, Valentina (2004): "Apuntamentos sobre a lingua galega na empresa no século XX". *Madrygal*, 7, pp. 51-62.

³⁶ Villamil Touriño, Asunción (2004): "Gallegos en Madrid: actitudes y mantenimiento de la Lengua Gallega". *Madrygal*, 7, pp. 123-132.

³⁷ Ríos Santomé, Soledad (2005): "Coñecemento do galego no acceso á función pública local. Un estudo de caso: Moaña". *Madrygal*, 8, pp. 107-118.

³⁸ Vilavedra, Dolores (2007): "Unha achega ao discurso narrativo de autoría feminina". *Madrygal*, 10, pp. 145-151.

³⁹ González Fernández, Helena (2006): "Anatomía de 'tanta visibilidade' das mulleres na literatura hoxe". *Madrygal*, 9, pp. 69-72

go do primeiro número de *Madrygal*⁴⁰. Tamén se realiza unha análise do erotismo e a feminidade nalgunhas obras de Alfredo Conde⁴¹, e da representación da muller na poesía de Luís Seoane⁴².

A Galicia emigrante tamén atopa a súa voz nos números de *Madrygal*, como parte imprescindible da cultura galega. Hai artigos sobre os editores galegos de Montevideo⁴³; sobre a produción literaria e xornalística na Habana⁴⁴; acerca do exilio de Castelao en Norteamérica⁴⁵; ou sobre a desgalguización dos galegos de Buenos Aires⁴⁶. Nestes artigos, *Madrygal* convértese no epicentro da diáspora galega e elimina as barreiras xeográficas e históricas.

Tamén é interesante destacar algúns exercicios comparatistas, os cales están ligados á comparación entre idiomas, obras, autores, etc. É o caso das literaturas galega e catalá, que son obxecto dunha análise no primeiro número de *Madrygal*⁴⁷. Por outra banda, a comparación entre literatura e cine obsérvase no estudo sobre a adaptación de *Trece Badaladas*⁴⁸. E noutros artigos contamos con algunhas reflexións sobre os discursos literarios de Suso de Toro e Manuel Rivas⁴⁹, e sobre os de Víctor Freixanes e Manuel Rivas⁵⁰; ademais, trázase unha ponte entre Miro Villar e Maria

Mercè Marçal⁵¹; e ofrécense unha perspectiva do exilio en oito novelas en galego e castelán⁵².

En relación coa visión comparatista, outros idiomas aparte do galego, como o catalán e o portugués, apareceron repetidas veces durante esta década en *Madrygal*. No caso do catalán, aos xa mencionados previamente, engadimos outras colaboracións como a de Xesús Alonso Montero e Gemma Avenoza sobre dous poemas de Cunqueiro en catalán⁵³; a descrición da *Ligácia* de Xulio Ricardo Trigo⁵⁴; un discurso catalá de Manuel Murguía⁵⁵; ou unha das traducións que fixo Cabanillas da poesía de Verdaguer⁵⁶. No caso do portugués, atopamos algunhas consideracións sobre a fronteira entre o portugués e o español⁵⁷; a recepción da obra de Camões en Galicia⁵⁸; un estudo sobre os falsos amigos entre o galego, o portugués e o español⁵⁹; ou a importancia do portugués na terminoloxía galega⁶⁰. Con estas achegas, *Madrygal* mantén a súa liña, non só plural, senón plurilingüe.

Para rematar o apartado dos artigos, falaremos daqueles que se refiren a un xénero en concreto, ou ben a outros campos afíns á cultura galega. Por exemplo, destacamos un repaso fotográfico sobre os traballos agrícolas⁶¹; unha compilación de lendas da parroquia de Franqueán⁶²; unha descrición

40 González Fernández, Helena (1998): "Ocupa-la palabra". *Madrygal*, 1, pp.57-59.

41 Estévez, Carmen (2002): "Erotismo y feminidad en tres novelas de Alfredo Conde: *Breixo, Memoria de Noa, Xa vai o griffon no vento*". *Madrygal*, 5, pp. 39-46.

42 García López, Xosé Anxo (2001): "A muller na obra poética de Luís Seoane". *Madrygal*, 4, pp. 45-59.

43 Zubillaga, Carlos (1999): "Libreros y editores gallegos en Montevideo". *Madrygal*, 2, pp. 139-145.

44 Alonso Girgado, Luís (2003): "Prensa e literatura galegas na Habana (1880-1936)". *Madrygal*, 6, pp. 21-26.

45 Mejía Ruiz, Carmen (2004): "El exilio de Castelao en Norteamérica (textos y documentos)". *Madrygal*, 7, pp. 79-92.

46 Soto Andiñón, Xosé (2004): "Factores que inciden no proceso de desgalguización dos inmigrantes galegos en Buenos Aires". *Madrygal*, 7, pp. 103-112.

47 Ribera Llopis, Juan M. e Rodríguez González, Olivia (1998): "Aproximacións ás relacións literarias galego-catalanas. Noticias históricas e bibliográficas". *Madrygal*, 1, pp. 97-100.

48 López López, Yolanda (2003): "*Trece badaladas*: falseando as pedras de Compostela baixo a chuva". *Madrygal*, 6, pp. 69-73.

49 Ramos Mateo, Hugo (2003): "Suso de Toro e Manuel Rivas: dous discursos literarios". *Madrygal*, 6, pp. 99-105.

50 Regueiro Salgado, Begoña (2003): "Freixanes y Rivas: dos modelos de novela histórica gallega". *Madrygal*, 6, pp. 107-116.

51 Llorca Antolín, Fina (2004): "Unha ponte entre dous idiomas: do *enderroc* até o *cascabullo*". Miro Villar reescribe a Maria-Mercè Marçal". *Madrygal*, 7, pp. 73-78.

52 Piñeiro Domínguez, María Jesús (2007): "Cronología comparativa del exilio en las narrativas gallega y castellana: 1942-2006". *Madrygal*, 10, pp. 117-125.

53 Alonso Montero, Xesús e Avenoza i Vera, Gemma (1998): "Dous poemas en catalán de Álvaro Cunqueiro". *Madrygal*, 1, pp. 27-37.

54 Ribera Llopis, Juan M. (1999): "*Ligácia*: Galicia en catalán segundo Xulio Ricardo Trigo". *Madrygal*, 2, pp. 121-125.

55 Rodríguez González, Olivia (2000): "Recuperación dun discurso esquecido de Manuel Murguía". *Madrygal*, 3, p. 93-96.

56 Dobarro Paz, Xosé María (2003): "Cabanillas e Verdaguer: unha adaptación". *Madrygal*, 6, pp. 51-54.

57 Navas Sánchez-Élez, M^a Victoria (1998): "La frontera lingüística hispano-portuguesa: aproximación bibliográfica". *Madrygal*, 1, pp. 83-89.

58 Dasilva, Xosé Manuel (2003): "Francisco Añón en homenaxe a Camões". *Madrygal*, 6, pp. 41-50.

59 Bragado Trigo, Iago (2006): "Sobre a amizade (léxica) Galiza-Portugal: os falsos amigos Galego-Portugués-Español". *Madrygal*, 9, pp. 33-41.

60 Formoso Gosende, Valentina (2007): "Aproveitamento do portugués na elaboración terminolóxica galega". *Madrygal*, 10, pp. 55-65.

61 Ruiz de Diego, Sara e Solla Varela, Carlos (1998): "Fotobiografía dos traballos agrícolas a través dos tempos". *Madrygal*, 1, pp. 101-107.

62 Garrosa Gude, José Luis (2000): "Aproximación a algunhas crenzas da parroquia de Franqueán (O Corgo-Lugo)". *Madrygal*, 3, pp. 51-57.

dos cruceiros do camiño de Santiago⁶³; unha análise da literatura oral en Ferrolterra⁶⁴; un repaso pola situación da literatura infantil e xuvenil no século XXI⁶⁵; ou unha reflexión sobre o estado da poesía galega actual⁶⁶. Ademais contamos con achegas sobre o audiovisual galego na literatura de ficción⁶⁷; a tradución para a dobraxe en Galicia⁶⁸; as animacións realizadas en plastilina do estudio Algarabía Animación⁶⁹; ou as reflexións sobre a comunicación web xunto cunha análise dalgúns blogs vinculados a Blogaliza.org⁷⁰.

A extensa sección de artigos de *Madrygal* é un magnífico exemplo de calidade e diversidade cultural, onde a tradición e a innovación comparten un espazo aberto ás achegas de tódolos interesados. En estreita relación con esta sección, o apartado dedicado ás crónicas recolle diversas colaboracións sobre a actualidade galega e sobre as actividades desenvolvidas na diáspora, como celebracións, presentacións literarias, entrevistas ou compilacións.

Dentro da sección *Crónica* podemos ler, por exemplo, unha entrevista realizada ao director da Casa de Galicia en Madrid⁷¹ e outra ás profesoras da escola de idiomas da mesma cidade⁷²; unha

descripción da curtametraxe de *Que me queres amor?*⁷³; a presentación de *Billarda*, unha antoloxía bilingüe de Vicente Araguas⁷⁴ e tamén de *Maneiras de querer*, que recolle a obra súa poética completa⁷⁵; un repaso polos mosteiros de Galicia⁷⁶; a presentación da *Asociación de Mulleres Galegas no Exterior Rosalía de Castro*⁷⁷; ou a crónica da celebración do Día das Letras Galegas en Madrid⁷⁸.

Durante esta década, a boa reputación de *Madrygal* veuse incrementada polos textos de creación. Nesta sección, publicáronse poemas, contos, fragmentos ou actos teatrais que lle outorgaron á nosa revista un prestixio literario. Na sección *Creación* atopamos tres apartados correspondentes á poesía, á narrativa e ao teatro —esta última, de incorporación recente.

Así, *Madrygal* conta con orgullo coas voces poéticas de Vicente Araguas⁷⁹, Xavier Frías Conde⁸⁰, Luís González Tosar⁸¹ ou Arcadio López-Casanova⁸², por exemplo, xa no primeiro número. Borobó⁸³, Claudio Rodríguez Fer⁸⁴, Luz Pozo Garza⁸⁵, Miro Villar⁸⁶, Fermín Bouza Álvarez⁸⁷, Luísa Villalta⁸⁸, María Do Cebreiro⁸⁹, Yolanda Castaño⁹⁰, ou Miguel Anxo Fernán-

⁶³ Yáñez, Rafael (2000): “A ollada do camiñante”. *Madrygal*, 3, pp. 113-118.

⁶⁴ Bogo Saavedra, Isabel (2003): “Literatura oral nun recuncho de Ferrolterra”. *Madrygal*, 6, pp. 27-32.

⁶⁵ Muñoz Carobles, Diego (2006): “Os nenos tamén queren ler. Panorama da literatura infantil e xuvenil en lingua galega no século XXI”. *Madrygal*, 9, pp. 85-92.

⁶⁶ Nogueira, María Xesús (2003): “A poesía galega actual. Algunhas notas (necesariamente provisórias) para un estado da cuestión”. *Madrygal*, 6, pp. 85-97.

⁶⁷ González Rodríguez, Xurxo (2004): “O audiovisual galego na literatura de ficción”. *Madrygal*, 7, pp. 67-72.

⁶⁸ Montero Domínguez, Xoán (2005): “Un achegamento á tradución para a dobraxe en Galicia”. *Madrygal*, 8, pp. 91-96.

⁶⁹ Bermejo Rubio, Arturo (2006): “A animación en plastilina: Algarabía Animación”. *Madrygal*, 9, pp. 27-31.

⁷⁰ Gómez Diago, Gloria e Martí Pellón, Daniel (2006): “Proposta de catro eixes para adecuar o concepto de xénero á comunicación web. Aplicación nunha avaliación cualitativa de weblogs vinculados en Blogaliza.org”. *Madrygal*, 9, pp. 63-68.

⁷¹ Acuña Trabazo, Ana (1998): “A casa de Galicia en Madrid. Entrevista co seu director”. *Madrygal*, 1, pp. 111-115.

⁷² Acuña Trabazo, Ana (1999): “O galego na escola de idiomas de Madrid: entrevistas coas profesoras”. *Madrygal*, 2, pp. 149-150.

⁷³ Velasco, Mar (1999): “¿*Que me queres, amor?* (Historia dunha curtametraxe)”. *Madrygal*, 2, pp. 155-157.

⁷⁴ Iglesias, Amalia e Mejía Ruiz, Carmen (2000): “Presentación da antoloxía poética de Vicente Araguas: *Billarda*”. *Madrygal*, 3, pp. 121-124.

⁷⁵ Mejía Ruiz, Carmen e Palomares, Verónica (2006): “*Maneiras de querer* (2005) de Vicente Araguas”. *Madrygal*, 9, pp. 133-137.

⁷⁶ Figueroa, Rosa (2000): “Mosteiros en Galicia, onde o tempo se detén”. *Madrygal*, 3, pp. 125-127.

⁷⁷ García, Célia (2001): “A ‘Asociación de mulleres galegas no exterior Rosalía de Castro’: A loita pola memoria das mulleres galegas desde Madrid”. *Madrygal*, 4, pp. 133-134.

⁷⁸ Louzao Outeiro, Miguel (2003): “O Día das Letras Galegas na Universidade Complutense de Madrid”. *Madrygal*, 6, pp. 145-146.

⁷⁹ Araguas, Vicente (1998): “Después de *La Ondina del Manzanares* de Lola Velasco”. *Madrygal*, 1, pp. 123-124.

⁸⁰ V. Frías Conde, Xavier: “Xeitos de outono”. *Madrygal*, 1, 1998, pp. 125-126; “Cancelas entreabertas”, *Madrygal*, 4, 2001, p. 151; “Poemas”, *Madrygal*, 10, 2007, pp. 187-188.

⁸¹ González Tosar, Luís (1998): “Poemas”. *Madrygal*, 1, p. 127.

⁸² López-Casanova, Arcadio: “Poemas”. *Madrygal*, 1, pp. 129-133.

⁸³ Borobó (1999): “Poemas”. *Madrygal*, 2, pp. 165-166.

⁸⁴ Rodríguez Fer, Claudio (2000): “Poemas”. *Madrygal*, 3, pp. 143-144.

⁸⁵ Pozo Garza, Luz (2000): “Poemas”. *Madrygal*, 3, pp. 145-146.

⁸⁶ Villar, Miro (2002): “Mar de Rostros”. *Madrygal*, 5, p. 142.

⁸⁷ Bouza Álvarez, Fermín (2004): “O vento”. *Madrygal*, 7, pp. 143-145.

⁸⁸ Villalta, Luísa (2004): “Poemas”. *Madrygal*, 7, p. 158.

⁸⁹ Do Cebreiro, María (2005): “Poemas”. *Madrygal*, 8, pp. 145-147.

⁹⁰ Castaño, Yolanda (2007): “Poema”. *Madrygal*, 10, p. 183.

Vello⁹¹ acompañáronnos tamén durante esta década e contribuíron ao desenvolvemento da identidade literaria de *Madrygal*.

Ás voces poéticas, únense as narrativas, onde destacamos as colaboracións de Suso de Toro con fragmentos inéditos de *Home sen nome*⁹²; e os relatos de Xurxo Borrazás⁹³, Begoña Regueiro⁹⁴, Luísa Villalta⁹⁵ ou Xosé Manuel Martínez Oca⁹⁶. Sobre o apartado *Teatro*, que foi incorporado a *Madrygal* a partir do número nove, polo de agora contamos coas achegas de Henrique Rabuñal⁹⁷ e Xosé Luis Prieto⁹⁸, e coidamos que non serán as últimas.

Cómpre destacar que no último número de *Madrygal* incorporouse a sección *Varia*, destinada a os contidos de diversa consideración, como por exemplo, as cartas de Zamora Vicente a Francisco Fernández del Riego⁹⁹, recollidas por Xesús Alonso Montero.

A pluralidade lingüística de *Madrygal* reflíctese especialmente na sección de *Tradución*; a revista acepta traducións de tódolos idiomas para a lingua galega e, deste xeito, configúrase un espazo universal coas voces do mundo, onde a cultura galega, de novo, é o epicentro da comunicación e un punto de encontro de linguas e tradicións.

Nesta década, traducíronse, por exemplo, textos do inglés, de Seamus Heaney¹⁰⁰; do finlandés, de

Sari Mikkonen¹⁰¹; do español, de Alonso Zamora Vicente¹⁰²; do catalá, de Xulio Ricardo Trigo¹⁰³; do sardo, de Montaranu¹⁰⁴; do romanés, de Garagiale¹⁰⁵; do danés, de Henik Nordbrandt¹⁰⁶; do alemán, de Frank Wedekind¹⁰⁷; ou do italiano, de Dacia Maraini¹⁰⁸.

Polo que respecta á sección dedicada ás entrevistas, nela recóllense as conversas que se levaron a cabo con diversos persoeiros da cultura galega, que viven dentro ou fóra de Galicia. Destacamos, pola relevancia do entrevistado, a entrevista realizada a Alonso Zamora Vicente polos alumnos de Filoloxía Románica da Universidad Complutense¹⁰⁹, onde o académico da lingua repasa a súa traxectoria persoal e profesional. Don Alonso comenta as principais reflexións respecto ás súas achegas no campo da dialectoloxía galega, a creación do departamento de Románicas, as súas viaxes e impresións sobre a evolución da Filoloxía no século XX, e outras cuestións que incrementan a nosa admiración e respecto polo director de honra de *Madrygal*.

Outros entrevistados foron Luz Pozo Garza¹¹⁰; Constanza Tobío Soler¹¹¹; Xosé Fariña Jamardo¹¹²; Isaac Díaz Pardo¹¹³; Borobó¹¹⁴; Francisco Fernández del Riego¹¹⁵; Sabino Torres¹¹⁶; Xesús Alonso Montero¹¹⁷; e o grupo Xenreira¹¹⁸.

- 91 Fernán-Vello, Miguel Anxo (2007): “Confesión” e “Fundición”. *Madrygal*, 10, pp. 185-186.
- 92 Toro, Suso de (2007): “Fragmentos inéditos de *Home sen nome*”. *Madrygal*, 10, pp. 195-196.
- 93 Borrazás, Xurxo (2002): “Literata”. *Madrygal*, 5, pp. 143-144.
- 94 Regueiro Salgado, Begoña (2004): “Saudades”. *Madrygal*, 7, p. 169.
- 95 Villalta, Luísa (2004): “A idade das preguntas”. *Madrygal*, 7, p. 171.
- 96 Martínez Oca, Xosé Manuel (2000): “Historias de espellos – I”. *Madrygal*, 3, p. 149.
- 97 Rabuñal, Henrique (2006): “Segundo acto de *Carne no camarín*”. *Madrygal*, 9, pp. 165-166.
- 98 Prieto, Xosé Luis (2007): “Breve suspiro”. *Madrygal*, 10, pp. 199-201.
- 99 Alonso Montero, Xesús (2007): “Cartas de Alonso Zamora Vicente a Francisco Fernández del Riego”. *Madrygal*, 10, pp. 153-157.
- 100 Araguas, Vicente (1998): “Catro poemas traducidos para o galego de Seamus Heaney”. *Madrygal*, 1, pp. 145-146.
- 101 Sorri, P. e Acuña Trabazo, Ana (1999): “*Huvila* de Sari Mikkonen”. *Madrygal*, 2, pp. 191-198.
- 102 Acuña Trabazo, Ana (2000): “*Un fantasma modosito* de Alonso Zamora Vicente”. *Madrygal*, 3, pp. 153-158.
- 103 Acuña Trabazo, Ana e Ribera Llopis, Juan M. (2001): “*Maria Maviñais* de Xulio Ricardo Trigo”. *Madrygal*, 4, pp. 163-179.
- 104 Frías Conde, Xavier (2002): “Mostra poética de Antioco Casula ‘Montaranu’”. *Madrygal*, 5, pp. 149-151.
- 105 Ortega Román, Juan José (2003): “*Amigos* de Ion Luca Garagiale”. *Madrygal*, 6, pp. 175-178.
- 106 Domínguez Araújo, Lara (2005): “Poemas de Henrik Nordbrandt”. *Madrygal*, 8, pp. 165-170.
- 107 Álvarez, David A. (2006): “*Frühlings Eruachen-Eine Kindertragödie*. O Espertar da Primavera. Unha traxedia infantil de Frank Wedekind”. *Madrygal*, 9, pp. 167-173.
- 108 Lamela Villaravid, Carme (2007): “*Un numero sul braccio*. Un número no brazo, de Dacia Maraini”. *Madrygal*, 10, pp. 203-209.
- 109 Entrevista. Alumnos de Filoloxía Románica (1999): “Alonso Zamora Vicente, catedrático de Filoloxía Románica e Académico da Lingua”. *Madrygal*, 2, pp. 201-213.
- 110 Entrevista. Pascual Rodríguez, Roberto (2007): “O harmónico cosmos de Luz Pozo Garza”. *Madrygal*, 10, pp. 211-216.
- 111 Entrevista. Mejía Ruiz, Carmen y Palomares, Verónica (2006): “Constanza Tobío Soler. La pluralidad intelectual de Luis Tobío”. *Madrygal*, 9, pp. 175-183.
- 112 Entrevista. Louzao Outeiro, Miguel (2005): “Unha conversa con Xosé Fariña Jamardo”. *Madrygal*, 8, pp. 171-174.
- 113 Entrevista. Louzao Outeiro, Miguel (2004): “Isaac Díaz Pardo: ‘Nós non esquecemos nada’”. *Madrygal*, 7, pp. 181-187.
- 114 Entrevista. Louzao Outeiro, Miguel e Mejía Ruiz, Carmen (2003): “Os días de Borobó”. *Madrygal*, 6, pp. 179-183.
- 115 Acuña Trabazo, Ana (2002): “Entrevista a Francisco Fernández del Riego”. *Madrygal*, 5, pp. 155-162.
- 116 Alcantarilla, Ricardo (2001): “Entrevista a Sabino Torres, poeta e editor”. *Madrygal*, 4, pp. 183-190.
- 117 Entrevista. Acuña Trabazo, Ana e Mejía Ruiz, Carmen (2000): “Xesús Alonso Montero, Catedrático de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela e Académico da Lingua galega”. *Madrygal*, 3, pp. 161-169.
- 118 Entrevista. García, Mario (1998): “*Xenreira*: o compromiso do rock irmandiño”. *Madrygal*, 1, pp. 149-155.

Neste extenso repaso polos contidos de *Madrygal*, por último, incluímos o apartado dedicado ás recensións, que repasan algúns libros e temas que gardan relación coa revista. A sección *Recensións* achega unha análise descritiva e crítica daquelas obras que, pola súa significación no ámbito cultural galego, aparecen referenciadas na nosa revista e noutros medios de comunicación.

Podemos citar, por exemplo, as recensións realizadas sobre o *Diccionario Metodolóxico de Análise Literaria I*, de Arcadio López-Casanova¹¹⁹; *Antoloxía do doce estilo novo*, de Darío Xohán Cabana¹²⁰; *Á marxe*, de Carlos Casares¹²¹; *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas¹²² ou *Home sen nome*¹²³ de Suso de Toro.

Madrygal demostra a súa pluralidade, orixinalidade e calidade en cada unha das súas seccións, que abranguen unha gran variedade de temáticas, xéneros, idiomas e formatos. Tendo en conta isto, é deber noso, por tanto, destacar tamén a calidade das cubertas da revista, que reflicten o carácter interdisciplinar dos artistas galegos. Os lectores de *Madrygal*, antes incluso de abrir a revista por vez primeira, podemos deleitarnos coas ilustracións de Eugenio Granell (n.º 9), Camilo Díaz Baliño (n.º 10), Isaac Díaz Pardo (n.º 7), Reimundo Patiño (n.º 8), Maruja Mallo (n.º 5), Luís Seoane (n.º 4) ou Castelao (n.º 1 e 2). Os óleos e pinturas destes artistas son un luxo para os nosos sentidos.

Ben. Todo isto e máis é *Madrygal*; é a nosa revista, a revista de todos; unha lección de diplomacia cultural e política; unha vacina contra a intolerancia. Todos nós temos motivos para agar-

dar un novo número cada ano: gozar dos seus contidos, que superan tódalas expectativas, comprobar a boa saúde da cultura galega, analizar as propostas innovadoras do panorama cultural galego, defender e promover a lingua galega, descubrir un novo persoeiro ou unha tradición descoñecida... Calquera razón é boa para abrir as páxinas de *Madrygal*, sabendo que elas nos levan da man cara a Galicia.

Non podó rematar este artigo sen amosar o meu agradecemento á directora de *Madrygal*, Carmen Mejía, pola confianza que depositou en min para a redacción desta compilación. Carmen xa me pedira un artigo para o número dez, que supuxo a miña primeira publicación académica, durante os meus inicios no difícil mundo da investigación no que moitos nos atopamos. Pola miña parte, e pola de outros moitos compañeiros, agradecemoslle a *Madrygal* o seu apoio á investigación e, tamén, a oportunidade que nos brinda para coñecer, perpetuar e inmortalizar a cultura galega. E temos que agradecer a Ana Acuña, a outra *alma mater* desta revista, a súa fidelidade.

A traxectoria de *Madrygal*, polo de agora, é brillante, e todos agardamos que o seu futuro sexa prometedor. Dende o entusiasmo da directora, á ilusión dos colaboradores, xunto co apoio dos lectores, e o beneplácito das administracións... grazas! Moitas grazas a todos porque o que tedes nas vosas mans é o froito do noso esforzo; unha revista da que todos formamos parte porque *Madrygal* tamén forma parte de nós. *Madrygal* cumpriu dez anos. Un dez para *Madrygal*.

¹¹⁹ Recensión de Llorca Antolín, Fina en *Madrygal*, 5, 2002, pp. 165-166, sobre López-Casanova, Arcadio (2001): *Diccionario Metodolóxico da Análise Literaria. I A Poesía. Textos líricos galegos da Idade Media ós nosos días*. Vigo: Galaxia.

¹²⁰ Recensión de Varela Pose, Francisco Xavier en *Madrygal*, 9, 2006, pp. 186-187, sobre Cabana, Darío Xohán (2004): *Antoloxía do doce estilo novo*. Vigo: Galaxia.

¹²¹ Recensión de Del Barco, Lucía en *Madrygal*, 10, 2007, pp. 220-221, sobre Casares, Carlos (1992, 1993): *Á Marxe*. Vigo: Galaxia, pp. 251 e 382.

¹²² Recensión de Rodríguez González, Olivia en *Madrygal*, 10, 2007, pp. 226-228, sobre Rivas, Manuel (2006): *Os libros arden mal*. Vigo: Xerais.

¹²³ Recensión de Fernández Rei, María en *Madrygal*, 10, 2007, p. 229, sobre Toro, Suso de (2006): *Home sen nome*. Vigo: Xerais.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AA.VV. : *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 1, 1998, Madrid: Universidad Complutense de Madrid. ISSN: 1138-9664.
- AA.VV. : *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 2, 1999, Madrid: Universidad Complutense de Madrid. ISSN: 1138-9664.
- AA.VV. : *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 3, 2000, Madrid: Universidad Complutense de Madrid. ISSN: 1138-9664.
- AA.VV. : *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 4, 2001, Madrid: Universidad Complutense de Madrid. ISSN: 1138-9664.
- AA.VV. : *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 5, 2002, Madrid: Universidad Complutense de Madrid. ISSN: 1138-9664.
- AA.VV. : *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 6, 2003, Madrid: Universidad Complutense de Madrid. ISSN: 1138-9664.
- AA.VV. : *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 7, 2004, Madrid: Universidad Complutense de Madrid. ISSN: 1138-9664.
- AA.VV. : *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 8, 2005, Madrid: Universidad Complutense de Madrid. ISSN: 1138-9664.
- AA.VV. : *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 9, 2006, Madrid: Universidad Complutense de Madrid. ISSN: 1138-9664.
- AA.VV. : *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 10, 2007, Madrid: Universidad Complutense de Madrid. ISSN: 1138-9664.

María Mariño no sistema literario galego. Reflexións críticas

María Mariño in the Galicien literary system. Critics reflections

Olivia RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Teoría da literatura e Literatura comparada
Universidade da Coruña
olivia@udc.es

[Recibido, outubro 2007; aceptado, decembro 2007]

RESUMO

Reflexións sobre o funcionamento da crítica no sistema literario galego a propósito do intento de canonización de María Mariño, autora á que se lle dedicou o Día das Letras Galegas en 2007.

PALABRAS CHAVE: Sistema literario galego, crítica, canonización, María Mariño.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, O. (2008): “María Mariño no sistema literario galego. Reflexións críticas”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 83-89.

RESUMEN

Reflexiones sobre el funcionamiento de la crítica en el sistema literario gallego a propósito del intento de canonización de María Mariño, autora a la que se dedicó el Día de las Letras Gallegas en 2007.

PALABRAS CLAVE: Sistema literario gallego, crítica, canonización, María Mariño.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, O. (2008): “María Mariño en el sistema literario gallego. Reflexiones críticas”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 83-89.

ABSTRACT

Reflections on how the criticism works in the Galicien literary system with regard to Maria Mariño's canonization claim, an author to whom was dedicated the 2007 Galicien Letters Day.

KEY WORDS: Galicien literary system, criticism, canonization, María Mariño.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, O. (2008): “María Mariño in the Galicien literary system. Critics reflections”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 83-89.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. O sistema literario galego. 3. O contexto da posguerra. 4. A descuberta (*Inventio*) de María Mariño. 5. Outros mediadores. O rupturista e o patriarca. 6. A escrita de María Mariño. 7. Unha nova conxuntura crítica. 8. Reto á crítica galega. 9. Referencias bibliográficas.

1. INTRODUCCIÓN

O presente artigo é transcripción, sen engadidos posteriores —salvo as referencias bibliográficas—, da conferencia que pronunciei en maio de 2007, por convite da profesora Carmen Mejía e os profesores encargados, á súa beira, da celebración, na Facultade de Románicas da UCM, do Día das Letras Galegas. Agradézolle á directora de *Madrygal* a oportunidade de que apareza publicado nas páxinas desta revista. O carácter de conferencia explica a escaseza de referencias bibliográficas ou citas ao uso, e certos riscos do seu estilo coloquial, que se quere próximo ao ensaio.

2. O SISTEMA LITERARIO GALEGO

Recordo que hai pouco Manuel Rivas, nun artigo do suplemento en galego dos venres de *El País*, se preguntaba a razón de que todo o mundo andase a falar de “sistema literario galego”, en lugar de “literatura galega”, que é máis sinxelo. Pois ben, esta reflexión acerca do intento de canonización de María Mariño na literatura galega ten moito que ver coa pregunta sobre a popularización deste tecnicismo procedente de varias teorías difundidas a partir dos pasados anos 90, todas elas marcadas por unha fonda pegada socioliteraria. Non é o mesmo empregar a expresión “literatura galega”, conxunto de obras e autores que forman a súa tradición e o seu presente literario, que “sistema literario galego”, concepto das devanditas teorías, que analizan como funciona un texto recibido como literario na sociedade e en situacións reais. Un sistema é un conxunto dinámico e complexo, formado pola intervención de factores que van máis alá do escritor e do lector. Un sistema literario é unha creación cultural dentro dunha comunidade diferenciada, e cumpre un papel, entre outros, de cohesión social e de lexitimación de crenzas e opinións que forman iso que se chama “tópica” ou mundo cultural compartido por unha comunidade para que poidan entenderse os seus integrantes, e que actualmente recibe o nome de “imaxinario colectivo”.

Entre os factores que conforman un sistema literario atópase a crítica literaria. Os críticos son axentes mediadores que cumpren un papel fundamental no proceso de canonización de autores, obras, xéneros, linguaxes e estéticas. Un sistema literario non se constitúe ata que non conta co que Iuri Lotman chama “metatextos autoinstituciona-

lizadores”, que aparecen na última fase do proceso. Con isto refírese a textos críticos, históricos e teóricos que contribúen desde dentro a lexitimar o propio sistema.

O sistema literario galego funciona como calquera outro, pero posúe neste momento unha serie de peculiaridades debidas á súa recente historia de institucionalización, que quizais estean detrás da cuestión que presento. Tivo varios momentos en que o seu funcionamento estivo a piques de normalizarse: Durante o Primeiro Rexurdimento, grazas a un labor sempre colectivo, aínda que o seu factótum máximo fose Manuel Murguía. No período *Nós*, sen dúbida un magnífico exemplo de tarefa colectiva e eficiente, truncada pola guerra civil. E, a partir da Transición, momento clave, preparado con grande esforzo desde os anos cincuenta pola Xeración *Galaxia*. Remítome aos traballos de Xoán González-Millán, que analizan polo miúdo o paso dun nacionalismo literario a unha literatura nacional.

3. O CONTEXTO DA POSGUERRA

Na España interior, durante a posguerra, non era posible que o sistema literario galego se desenvolvese, pola imposición do castelán como idioma único do nacionalcatolicismo, prohibidos o galego, o vasco e o catalán “de facto”, aínda que non “de iure” (Xesús Alonso Montero describe certeiraamente esta situación en *A batalla de Montevideo*). Podemos dicir que se atopaba en estado latente ou, no mellor dos casos, de resistencia. Unha resistencia que, de non contar coas colonias de emigrantes e exiliados do exterior —e aquí viría moi ben recordar o traballo de Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo—, tería sido inútil. A poesía tiña máis medios de superar as prohibicións que rexían para o ensaio ou a narrativa longa, e neste eido facíanse esforzos por editar papeis, folletos ou revistas (neste último caso, bilingües) que podían pasar desapercibidas aos ollos dos censores. Durante os primeiros anos da década dos sesenta a tímida —e nunca inocente— apertura cultural do Réxime facilitou a publicación de obras como *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro en 1962. Pero os medios eran moi precarios: daquela loitábase por difundir a existencia desa literatura silenciada. Celso Emilio Ferreiro, Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Ricardo Carballo Calero, e outros mediadores abondo esquecidos agora,

como Ramón Fernández Alegre; ou que habitualmente se insiste en non telos en conta, como Camilo José Cela, (potenciador da literatura galega a través da súa revista *Papeles de Son Armadans*), andaban á tarefa. A eses nomes podemos engadir o de Manuel María, difusor dentro do espazo xeográfico do sistema, ou Uxío Novoneyra. Hai datos de que foron eles os que animaron a poetas ata entón de expresión castelá, como Luz Pozo Garza, para escribir en galego. Opción que esta poeta verá clara por si mesma a partir dos setenta, cando a concienciación política estaba máis desenvolvida. Omíto os casos de autores como Luís Pimentel ou Carmen Kruckenberg, cun percorrido parecido, desde o castelán ata o galego.

Neste momento, pois, precario, os axentes do sistema, que tamén son produtores de obra persoal, tentan por unha banda recuperar os vellos de antano: Ramón Otero Pedrayo e mesmo Vicente Risco; como, por outra banda, atopar inéditos con interese. O elemento feminino é tamén obxecto de desexo, dentro dunha corrente en marcha, europea/española, de *literatura feminina* con múltiples vertentes, como pode supoñerse, dado o variable concepto do feminino que existía en distintas culturas e situacións políticas.

4. A DESCUBERTA (*INVENTIO*) DE MARÍA MARIÑO

Neste contexto aparece o *caso* de María Mariño, ata eses anos sesenta, unha muller anónima, apartada do mundo do libro, os parladoiros literarios, os xornais, o ensino, ... Unha muller do pobo, de carácter retraído e extra-vagante ou excéntrico, que se une a un mestre de Boiro e o acompaña aos seus destinos no País Vasco, o Lousame do wolframio e o Courel da montaña. Alí, no Courel, é descuberta por Uxío Novoneyra, que ve nela a posibilidade de *crear* unha autora galega non contaminada, a muller do pobo sensible ata a hiperestesia quizais por doenzas de tipo psicolóxico que, con apenas formación, xunta palabras con intención de escribir prosas e versos. Parece ser que o fai en castelán, un idioma que non domina de todo, nunha escritura tateante de nena que empeza a escola. Pero tamén é quen de facelo no idioma de seu, o galego que non lle aprenden como idioma culto, e que Mariño non acaba de perder porque apenas pasa pola escola: sabemos que asistía a ela con doce anos, e que

logo volvería xa de adulta, como mestra: primeiro de solteira, de acordo co testemuño dunha sobriña, e máis tarde, cando tiña que substituír o seu home, aqueixado dunha profunda xordeira, e con achaques que lle impedían atender os nenos. Mariño escribe nun dialecto galego de Noia que termina mesturando coa fala do Courel, a mesma que é levada á poesía por Uxío Novoneyra. Parece claro que o poeta do Courel por antonomasia cumpría con Mariño un dos seus ideais, tal como expresaría nunha autopoética bastante posterior, “Reflexión sobre a traxectoria propia”:

Nun principio non fun un lector voraz, sempre me gustou que fose por diante o descubrimento directo, a vivencia; sempre, e sobre eso me principié a ordear. (Casas, 2003: 133).

O libro *Palabra no tempo*, que Mariño publica coa mediación de Novoneyra aparece no ano 1963, cando se celebra o centenario de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, e se instaura o mecanismo de canonización, e lembranza do sistema literario, que máis rendible resultará co tempo: o “Día das Letras Galegas”, que entre as súas múltiples funcións, ten a de revisar e reescribir a historia da literatura galega. Tamén se instaura esta institución para dar publicidade a un sistema literario que combate con outro máis forte mercantilmente falando, o sistema castelán, co que contacta e mesmo intersecciona. E a función didáctica, a máis delicada, pois ben levada, pode estar cimentando a formación dos futuros lectores e creadores —tamén dos futuros mediadores— dese sistema.

Non é casual a coincidencia de datas, como ben ten sinalado Pilar García Negro nunha antoloxía dedicada a María Mariño. Procédese neste ano a presentar unha muller no ronsel da Rosalía vista como pobriña, como santa e nai de Galicia, é dicir, como un arquetipo que nese momento satisfacía unha necesidade: a da muller-poeta do pobo, humilde, que fala a poesía xenuina, dentro dunha concepción aínda herderiana, a mesma que teorizou Joan Maragall coa “paraula viva”. Muller-poeta sen contaminar, e dona dun estilo que en nada ten que ver co canon culto que entón presentaban outros poetas.

5. OUTROS MEDIADORES. O RUPTURISTA E O PATRIARCA

Quizais inflúa nese momento en Xosé Luís Méndez Ferrín, un dos máis eficaces axentes na

canonización de María Mariño como crítico que a impulsa sen reparos (máis de corenta anos despois, será o académico da RAG que encabece a proposta de María Mariño como homenaxeada no Día das Letras de 2007), o desexo de ruptura coa lingua como instrumento de dominación política, proclamado pola Nova Crítica francesa da que é voceiro Roland Barthes, e que vai ao rebufo da Loita de Liberación arxelina e de Angola, comezadas en 1961. Momento clave, pois está a callar o chamado Poscolonialismo, que tomará carta de natureza con Edward Said.

“Nada é máis esencial para unha sociedade que a organización en clases das súas linguaxes. Cambiar esa organización, desprazar a palabra, é facer unha revolución” (...) “Xa non hai poetas ni novelistas: non hai máis que escrita”. (Barthes, 1999: 49. Cita traducida ao galego para a ocasión).

A ansia de revolución contra a clase dominante leva á canonización dunha escritora que sae da norma culta galega, unha norma demasiado supeditada quizais, de maneira ben paradoxal, ao modelo literario castelán. De feito, os críticos daquela utilizan termos de comparación da literatura española e hispanoamericana, das que a galega non consegue desprenderse aínda: por exemplo, á beira de Rosalía de Castro e Uxío Novoneyra como influencias na escrita de Mariño, aparecen os nomes de César Vallejo, Pablo Neruda e Jorge Guillén.

Ramón Otero Pedrayo é un axente canonizador moi potente nos anos sesenta. A súa recuperación total vén de levarse a cabo na *Homenaxe* publicada polo Centro galego de Caracas en 1958, onde aparecen firmas dos axentes literarios e produtores da nova literatura galega —X.L. Méndez Ferrín, Manuel María, U. Novoneyra, Celso Emilio—, amais doutros que se achegan desde a periferia ideolóxica —A. Cunqueiro, por exemplo— con interseccións do subsistema literario español en Galicia —J.M. Castroviejo, C.J. Cela—.

Neses anos, un prólogo de Ramón Otero Pedrayo é pasaporte seguro cara á lexitimación dun produtor literario galego que cómpre recuperar na España franquista. Botando unha ollada aos autores que o prócer prologa, vemos, en 1961, o Castelao de *Cousas da vida* (que recibirá unha inmediata crítica de Vicente Risco); e, en 1963, o tamén exiliado Ernesto Guerra da Cal. Ás veces prologa o que cómpre pular: tal o caso das autoras Emilia Estévez Villaverde, con *Airiños do meu lugar* (1963); ou María Mariño, co devandito *Palabra no tempo* (1963). Tamén

convén manter acesa a tarefa de estudo da literatura popular: é o que fai en *Así canta Galicia* o folclorista Daniel González Ruada (1963); amais das ligazóns de Galicia coa literatura española, o subsistema ao que antes me refería, integrado por autores galegos en castelán, ou non galegos que se achegan á nosa cultura: velaí os limiares para a tradución realizada por Vicente Risco de *A familia de Pascual Duarte* (1962) de Cela, ou o poemario de Gerardo Diego, *Ángeles de Compostela* (1961).

Nunha palabra, débense cubrir tódolos flancos na loita a prol do sistema e a súa coñecencia dentro e fóra das fronteiras galegas.

6. A ESCRITA DE MARÍA MARIÑO

É neste contexto como se pode entender a aparición deste libro, *Palabra no tempo*, e desta autora, tan estraña e de tan precaria escrita, que máis que *dinamitada*, parece en fase de agromo. E que máis que vangardista, reflicte a connatural creación lingüística do pobo iletrado: que crea o “dindonde”, por exemplo, unha eufónica fusión da fala popular do Courel. O principio de creación do pobo (e da infancia) amósase, por exemplo, nas etimoloxías populares, nas analoxías que producen transposicións morfolóxicas: substantivacións como “un cheo” / “un lleno”, por “todo”. “Lonxear”, verbo castelanizado a partir de “lonxe”, creación propia desta autora, no canto do “aloxar” popularmente creado na fala galega. Non á mantenta, senón polas propias limitacións que produce unha falta absoluta de lecturas ou autodidactismo presente en outros autores. Pensemos en casos como o máis próximo a nós, o do dramaturgo e narrador Daniel Cortezón, que durante a súa mocidade autodidacta tiña á man unha biblioteca pública para devorar. Ou, indo cara atrás no tempo, atopamos a Xosé Lesta Meis, ou tantos outros que saíron de Galicia analfabetos e lograron unha fonda formación nas colonias de América, onde brillaron como periodistas e escritores...

A teor do dito, a lectura de María Mariño como unha escritora que rompe moldes porque é vangardista, coído que é artificial e superposta. Contribúe a crear unha imaxe lendaria que pouco favor fai a esta muller extremadamente sensible e cunha tremenda incapacidade de expresión, non curada nunca, a pesar das súas —en ocasións felices— creacións léxicas.

7. UNHA NOVA CONXUNTURA CRÍTICA

Uxío Novoneyra, novo Pígalión, crea un mito de pouco alcance, pois a autora non chega a superar o esquecemento dos seguintes anos posteriores á súa morte. O poeta do Courel ocupárase da amada morta tempo despois, cando el é presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, é dicir, cando ocupa un posto preminente como axente voceiro da lexitimación do sistema¹. Desaparecido Novoneyra, desaparece a súa creación, María Mariño. Neste sentido debemos interpretar o artigo de *Borobó*, onde coa ironía e o humorismo fantástico aos que este escritor é tan proclive, fala da invención de María Mariño no sentido latino da palabra —o mesmo que eu reivindicó aquí—: “Es una hermosa invención de Novoneyra en el sentido que se da a la palabra invención, cuando se habla del hallazgo del Apóstol Santiago” (*Borobó*, 1961).

Ata as vésperas de 2007, cando unha nova conxuntura, esta vez feminista e comezada a fraguar xa nos 80 e 90, pretende catapultar de novo a María Mariño aos cumios do canon. Raíña efémera, pouco se agoira da sorte futura desta escritora. Este ano das letras, auspiciado de novo, como dicíamos, pola autoridade lexitimadora de Xosé Luís Méndez Ferrín, que atopa na Real Academia Galega a cobertura necesaria para a elección dunha muller contra o panorama de predominio absoluto do home, trouxo o esclarecemento desta historia da crítica que ten por obxecto a obra de María Mariño. Non me refiro a biografías de escásima claridade e probidade científica, que confunden máis que informan (léase a de Xerardo Agrafoxo en *Galaxia*, abraiante exercicio de mistificación). Refírome a unha serie de constatacións, que veñen poñer luz sobre a escritura de Mariño, reeditada e recuperada:

A) As achegas proveñen da crítica feminista galega, de importante traxectoria na cultura galega e na mediación do seu sistema literario: Carmen Blanco, Pilar García Negro, Helena González e Ana Romaní (que une a isto o seu entusiasmo pola condición de paisana de Mariño).

B) As publicacións, lonxe de respetar o principio de economía que debería presidir a política editorial galega, solápanse, son reiterativas e non achegan novidades. Hai excepcións: a colectánea

de García Negro é un exemplo diso, como son tamén, felizmente, a *summa* de Carmen Blanco, e a achega que eu considero máis valiosa e reveladora: o libro *Más allá del tiempo* editado por Helena González.

Poden verse todas estas referencias bibliográficas no especial dedicado a María Mariño na Biblioteca Virtual Galega da Universidade da Coruña (<bv.g.udc.es>).

C) Se hai novidades, estas non teñen a repercusión que deberan, polo feito de contrariaren o sistema de tópicos rutinarios que todo ritual comporta se é que abandona a autocrítica. A maior novidade editorial deste ano arredor de María Mariño é a aparición dun manuscrito de textos en prosa e verso, titulado *Más allá del tiempo* que ata agora se daba por perdido. O feito de non estar escrito en galego fai que a crítica interna do sistema ignore a súa existencia, a pesar da súa extrema importancia. É o único texto escrito por María Mariño sen que interveñan mediadores: nin Uxío Novoneyra, nin Ánxel Fole. Éste último recibe o manuscrito, que nunca se publicaría despois, xa que ía a prologalo á petición da propia Mariño.

Por que María Mariño, presentada como gran novidade no escaparate canonizador dos anos sesenta quixo e non puido publicar *Más allá del tiempo*? Aventuro esta hipótese: porque se non estaba escrito en galego, e concretamente, en galego do Courel, xa non interesaba. Podía caer en mans dos mediadores-profesores dunha escola castellanizada, e daquela, a súa deficiente expresión lingüística poríase de relevo. Caería o mito da poeta salvaxe e incontaminada pola civilización colonizada.

D) A crítica feminista rompe o proceso canonizador anterior, o da poeta non colonizada. E substitúeo por outro de máis potente efecto: o da muller doente, illada, sometida a unha vida de soedade, que os homes queren moldear, pero que ten voz propia —non importa que sexa imperfecta, semi-analfabeta, ou doente— É unha muller, e abonda.

Matan o pai, o dominador macho: Novoneyra, o pígalión, que a Pilar García Negro lle recorda o papel atribuído a Murguía con respecto a Rosalía. Matan os pais editoriais: Uxío, o mesmo Fole que deixa esquecer o último libro,... E rescátana como individua. Pero coidado, agora queda ela soa. É así como unha boa crítica litera-

¹ Publica *Verba que comenza*, segundo libro de María Mariño, en 1990.

ria desde agora debe presentala: sen mistificacións e va-lorándoa no que ela, escritora, quixo ser: una literata. Logrará sobrevivir cando os seus condicionamentos canonizadores teñan desaparecido? A última palabra téñena os lectores.

8. RETO Á CRÍTICA GALEGA

Mentres tanto, os críticos deberían probar se o que ata agora se dixo dela é válido. E permítome ofrecelo como envite:

- A data de nacemento: Tense falado moito de por que se facía pasar por unha persoa once anos máis nova do que era. Pero ninguén, que eu saiba, repara no cambio de día e mes: María Mariño, que nacera o 8 de xuño de 1907, “facíase nacer” o 25 de xullo, Día de Galicia, de 1918.
- Pegadas rosalianas: Aparte da mención a unhas campás, e a tea que tece o *eu lírico*, eu non vin ningunha. Gustaríame que alguén me demostrase a relación que o *Dicionario Galaxia de Literatura* (tomo III, p. 484) atopa entre *Verba que comenza e Follas Novas*.
- Semellanzas con Antonio Machado, Jorge Guillén, César Vallejo, Pablo Neruda. Con respecto ao primeiro poeta mencionado, eu, que poño en dúbida as supostas sesións de lectura no pazo onde un parente traballaba en Boiro, supoño que Novoneyra a surtiría de lecturas. Antonio Machado daquela era o poeta prohibido e admirado polos poetas dos anos sesenta. Partindo da

hipótese da influencia de Machado en Mariño, fagamos a seguinte proba: lermos “O arbore seco” de *Palabra no tempo* e a súa correspondente versión en castelán, “Al árbol seco”. Vaiamos logo á posible fonte, “Al olmo viejo” de *Campos de Castilla* de A. Machado. Conclúan se non é para chorar.

- Semellanzas coa poesía do seu editor e mentor Uxío Novoneyra.
- Análise dos seu presunto surrealismo. E aínda máis, a súa semellanza coa pintura de Urbano Lugrís.
- Afondamento na sempre apuntada presenza da natureza na súa escrita.
- Análise estilística rigorosa, explicando a súa desviación da norma, a gramática, e as causas desa desviación: a mantenta (como licenza artística) ou por ignorancia (como erro).
- Estudo, desde a psicanálise da literatura, das imaxes oníricas e eses desvíos lingüísticos, que, licenzas ou erros, sempre chamarán a atención do lector, e botarán luz sobre unha psique sen dúbida adoecida: o retraimento, a depresión acompañaron a esta muller toda a súa vida. A literatura e o máis que probable amor de Novoneyra foron sen dúbida dúas canles de alegría.
- Finalmente, valoración crítica emitindo xuízo estético. Non debemos esquecer que o valor estético forma parte do repertorio dun sistema literario. Pode que varíe, pero existe. Hai unha lexitimación social e unha lexitimación estética que debe producirse no seo do sistema. Veremos se se produce no caso de María Mariño.

9. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AA.VV. (1958): *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: Galaxia.
- ALONSO MONTERO, X. (2003): *A batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos denunciados na UNESCO en 1954*. Vigo: Xerais.
- BARTHES, R. (1965): *Critique et vérité*. Paris, Seuil (1999).
- BIBLIOTECA VIRTUAL GALEGA: <bvg.udc.es>.
- BOROBÓ [Raimundo García Domínguez] (1961), “Anacos. María Mariño Carou, invención de Novoneyra”, *La Noche*, 16-III: 8.
- CASAS, A. (ed.) (2003): *Antoloxía consultada da poesía galega. 1976-2000*. Lugo: Tris-Tram.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, X., (1995): “Do nacionalismo literario á unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1994: 67-81.
- (2000): *Resistencia cultural e diferenza histórica: A experiencia da subalternidade*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- LOTMAN, I.M. (1996): *La semiosfera I. Semiótica de la cultura y el texto*, edición de D.Navarro, epílogo de M. Cáceres, Madrid: Cátedra.
- VILAVEDRA, Dolores (coord.) (2000): *Diccionario da Literatura Galega. III. Obras*. Vigo: Galaxia.